

Venres, 30 de maio de 2025

Núm. 102

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PREZOS PÚBLICOS PARA A ACTIVIDADE LUDOTECA DE VERÁN 2025 – EXPEDIENTE 1064/2025

Cumprindo o establecido na ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos por actividades organizadas polo Concello de Caldas de Reis (publicada no BOP número 94, do día 16.05.2008) e ao abeiro do acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 18.07.2023, de delegación na Xunta de Goberno da competencia para o establecemento ou a modificación de prezos públicos, a Xunta citada (en sesión celebrada o día 26.05.2025) acordou o establecemento do prezo público para a actividade “Ludoteca de Verán 2025” polo seguintes importes:

- Cota de inscrición:
 - 65 €/mes por participante
 - 45 €/quincena cando o participante se inscriba por períodos quincenais.
 - 60 €/mes por participante no caso de dous ou mais menores inscritos que pertencen a mesma unidade familiar.
 - 60 €/mes por participante no caso de pertencer a unha familia numerosa.
- Cota do plan madruga:
 - 35 €/mes con almorzo
 - 30 €/mes sen almorzo.
 - 20 €/medio mes con almorzo
 - 15 €/medio mes sen almorzo

Exencións e bonificacións:

- Bonificación do 50% da cota de inscrición ás familias con historia social previa en servizos sociais comunitarios básicos con anterioridade ao prazo de solicitude da ludoteca e ou familias incluídas nos programa de servizos sociais comunitarios básicos, previo informe social da Traballadora Social. Para poder aplicar este criterio, a familia interesadas deberán indicar que se aplique dito criterio na solicitude de inscrición da ludoteca.

Obriga de pago

A obriga de pago do prezo público esixirase como depósito previo no momento en que polos servizos municipais se publique a lista definitiva de participantes.

O pago do prezo público pode ser realizado do seguinte modo:



Venres, 30 de maio de 2025

Núm. 102

- a) De forma presencial nas dependencias do Concello de Caldas de Reis mediante tarxeta bancaria.
- b) En entidade bancaria mediante ingreso ou transferencia efectuada nas contas designadas ao efecto pola Tesourería municipal.

Procederá a devolución do prezo publico nos seguintes casos:

- Cando por causas non imputables ao obrigado, o pago do prezo ou servizos, ou actividade non se preste (art. 5.3 da ordenanza xeral de prezos públicos).
- Excepcionalmente nos seguintes casos:
 - a) Cando se comunique por escrito a intención de non participar na actividade cunha antelación mínima de 5 (cinco) días hábiles ó día previsto para o seu comezo.
 - b) Cando se acredite suficientemente a imposibilidade de participar na actividade por causa de enfermidade ou outras de forza maior debidamente xustificadas. Neste caso reintegrarase a parte proporcional que lle corresponda.

En canto as outras cuestións relativas a xestión do prezo público establecido estarase ao disposto na Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos e demais disposicións aplicables.

O Alcalde – Documento asinado dixitalmente.

